

- O profesorado deberá **dar exemplo** no cumprimento das medidas COVID-19 no centro.
- Os docentes deberán **educar en saúde**, sobre todo ao inicio do curso, facendo fincapé no uso da máscara, nas medidas hixienizantes e de distancia de seguridade.
- O profesorado diariamente, antes da chegada ao centro, realizará unha **autoavaliación** para identificar síntomas compatibles co COVID-19. Diante da aparición de polo menos un síntoma **non asistirá ao centro, comunicará a ausencia** por teléfono e **solicitará consulta** co seu médico..

Autoavaliación diaria clínico epidemiolóxica			
Ten actualmente algún dos síntomas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
Conviviu nas últimas 2 semanas?	Cunha persoa COVID-19 confirmado?		
	Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19		

- Os docentes que **inicien a xornada laboral ás 8:30 h** am **acudirán** ao centro educativo **ás 8:15** para garantir o **acceso** do alumnado ao centro de forma **escalonada, mantendo a distancia** de seguridade de 2 metros, **evitando aglomeracións e a hixiene de mans** cos dispensadores de xel hidro-alcohólico na entrada do centro. Os docentes de aula serán **responsables** das **saídas e entradas escalonadas** durante os recreos e ao finalizar a xornada lectiva según o cadro seguinte:

Porta entrada	Cursos	Entrada Inicio Xornada lectiva	Saída Recreo	Entrada Recreo	Saída Fin Xornada lectiva
Porta Principal	1º Actividades Comerciais	8:15 h	11:20 h	11:50 h	14:45 h
	1º Xestión Administrativa	8:20 h	11:25 h	11:55 h	14:50 h
	C.A.E.- B	8:25 h	11:30 h	12:00 h	14:55 h
Porta de Emerxencias	2º Actividades Comerciais	8:15 h	11:30 h	11:50 h	14:55 h
	2º Xestión Administrativa	8:20 h	11:25 h	11:55 h	14:50 h
	C.A.E.- A	8:25 h	11:20 h	12:00 h	14:45 h
Porta Principal	1º F.P. BÁSICA	15:05 h	18 h	18:30 h	21:25 h
	2º F.P. BÁSICA	15:10 h	18:05h	18:35h	21:30 h

- Os docentes **usarán máscara** durante a súa permanencia no centro educativo.
- Hixienizarán as mans** cos dispensadores de xel hidro-alcohólico no acceso ao centro e na entrada e saída da aula.
- Gardará o material** de xeito persoal e **diferenciado; non compartirá** material de uso propio.

8. As ventás, portas, interruptores e ferramentas pedagóxicas serán usadas só polo profesorado; hixienizará o posto de traballo (mesa, cadeira, mando proxector, borrador encerado, ordenador, teclado e rato do centro).
9. **Eliminará o material** de uso de hixiene persoal (máscara, panos...) na **papelera de pedal**.
10. Anotará no **checklist** de cada aula as **ventilacións** realizadas ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases.
11. Cando un docente aprecie no alumnado **sintomatoloxía** compatible co **COVID-19**, inmediatamente **avisará** a un membro do **equipo COVID**.
12. O **material** que sexa **compartido**, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia, debe ser **desinfectado polo alumnado** ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. O alumnado de **1º e 2º** curso de **FP Básica hixienizarán o posto de traballo** ao **inicio** da **xornada** lectiva.
13. **Evitarase a formación** de **grupos** e en todo caso evitarase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros.
14. **Evitarase** as **visitas** de pais/nais ao mínimo posible **priorizando** a **comunicación telefónica**, por correo electrónico ou videochamada.